



# IV TROFEO MARIANO CASTIÑEIRA VILLASECA

9 de xuño de 2024

O **Club Atletismo Lucus Caixa Rural Galega**, coa colaboración da FGA e o Concello de Lugo, organiza o **IV Trofeo Mariano Castiñeira Villaseca**, o DOMINGO 9 de XUÑO, en xornada de mañá nas pistas de atletismo do **Estadio Gregorio Pérez Rivera**.

## REGULAMENTO

### Participación

**Art. 1.-** Poderán participar todos/as os atletas con licenza en vigor pola FGA na tempada actual (2024), da categoría SUB16 a absoluta.

**Art. 2.-** Nas probas con límite de prazas terán preferencia os atletas do **Club Atletismo Lucus** e os clubs asociados (AD Fogar, CP Lucense, CA Coruña Comarca, CA Ribadeo, CCA Ría de Foz, CA Verxel Nutrición Deportiva, ADAS CUPA e CA Samertolameu). O resto de prazas cubriranse segundo a mellor marca da inscrición (tempada actual ou 2023).

### Art. 3.- Límite de prazas:

- 100 m. lisos – 24 atletas
- 100/110 m. valados – 16 atletas
- Carreiras – 16 atletas
- Lanzamento de disco – 14 atletas
- Lanzamento de martelo – 16 atletas (total mixto)
- Lanzamento de xavelina – 14 atletas (total mixto)
- Salto de altura – 16 atletas
- Salto de lonxitude – 16 atletas

**Art. 4.- Intentos.** Nas probas de concurso todos/as os atletas terán tres intentos e os oito primeiros postos terán tres intentos de mellora (será conxunta, por peso do artefacto ou sexo).

**Art. 5.- Participación.** Cada atleta só poderá participar co peso dun artefacto, ou ben o da súa categoría ou ben o absoluto.

**Art. 6.- Artefactos.** Os artefactos homologaranse ata 70' antes da celebración da proba, entregaranse na Secretaría e Resultados.

**Art. 7.- Dorsais.** Os dorsais retiraranse na zona habilitada ata 60' antes da celebración da proba. Os/as atletas deben empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie (o incumprimento desta norma será motivo de descualificación). Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



## Inscricións

**Art. 8.- Prazo de inscricións.** As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA (<https://sdp.rfea.es/>) ata as **22:00 horas do martes 4 de xuño de 2024**. Non se admitirán inscricións fóra de prazo. Serán válidas na inscrición as marcas realizadas en 2023 e 2024.

**Art. 9.- Renuncias e baixas.** O prazo para comunicar as renuncias e baixas rematará ás 23:59 horas do xoves 6 de xuño e serán remitidas ao enderezo electrónico [lugo@atletismo.gal](mailto:lugo@atletismo.gal), con copia a [atletismolucus@yahoo.es](mailto:atletismolucus@yahoo.es).

**Art. 10.- Series de velocidade.** Nas probas de carreiras indicárase a mellor marca. As series de velocidade faranse de acordo ás marcas de inscrición. Os/as atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series. Non se variará as series unha vez publicadas.

## Horario

**Art. 11.-** O horario será o seguinte:

HOMES	HORA	MULLERES
Salto de altura	10:00	Lanzamento de disco (S16-Abs)
		3.000 obstáculos
1.500 obstáculos	10:15	<b>1.500 obstáculos</b>
400 m.l.	10:30	
	10:40	400 m.l.
600 m. (S16-Abs)	10:50	
	11:05	600 m. (S16-Abs)
Lanzamento de martelo (S16-Abs)	11:15	Lanzamento de martelo (S16-Abs)
5.000 m.	11:20	Salto de lonxitude (S16-Abs)
1.000 m.l.	11:50	
<b>HOMENAXE A MARIANO</b>	<b>12:00</b>	<b>HOMENAXE A MARIANO</b>
110 m.v. (1,06-1,00)	12:10	
100 m.v. (0,91)	12:20	
Salto de lonxitude (S16-Abs)	12:30	100 m.v. (0,84)
Lanzamento de xavelina (S16-Abs)		Lanzamento de xavelina (S16-Abs)
	12:40	100 m.v. (0,76)
100 m.l.	13:00	
	13:20	100 m.l.
1.500 m.l.	13:40	
	13:50	800 m.

## Premiación

**Art. 12.-** Os/as vencedores/as das probas de 5.000 m e 800 m recibirán un trofeo conmemorativo. Así mesmo, os 3 primeiros atletas Máster nestas probas (independentemente da súa categoría) recibirán unha medalla.

**Art. 13.-** Será obrigatorio acudir á cerimonia de premiación para obter o premio.



## Normativa

**Art. 14.-** A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa na proba, a sanción será de 5€.
- Todas as baixas comunicadas con posterioridade ao XOVES 6 de XUÑO ás 23:59 horas darán lugar á tramitación da correspondente sanción, agás no caso de lesión ou enfermidade, que deberá acreditarse co xustificante facultativo correspondente enviado ata 24 horas despois da celebración da proba ao enderezo electrónico [lugo@atletismo.gal](mailto:lugo@atletismo.gal), con copia a [atletismolucus@yahoo.es](mailto:atletismolucus@yahoo.es).
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6€ por atleta con datos falsos).

**Art. 15.-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

## Organiza



## Colabora

